

PROXECTO EDUCATIVO



ÍNDICE

- 1. MARCO LEGAL**
- 2. ANÁLISE DO CONTEXTO ESCOLAR**
- 3. SERVIZOS E RELACIÓNS COAS FAMILIAS E INSTITUCIÓNS**
- 4. CARACTERÍSTICAS ESTRUTURAIS DO CENTRO**
- 5. ÁMBITO CURRICULAR E DOCENTE**
- 6. SINAIS DE IDENTIDADE**
- 7. OBXECTIVOS DO CENTRO**
- 8. CONCRECIÓN CURRICULAR**
- 9. ORGANIZACIÓN**
- 10. AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PE**
- 11. ANEXOS – DOCUMENTOS DE REFERENCIA**

1. MARCO LEGAL

As novas disposicións legislativas establecen que o eixe identificador dun centro de ensino vai ser o Proxecto Educativo, canle esencial que establece os elementos e sinais de identidade propios e inherentes ao propio Centro e que se enchen de contido precisamente nun proceso de activación doutros plans que teñen por obxecto fundamental potenciar eses valores esenciais que se declaran no PEC. A O artigo 121 da LOE, xunto coas variantes posteriores introducidas pola LOMCE e incluso á espera dunha novo regulamento que xurda de toda esta innovación legislativa, determina que a Dirección do centro deberá elaborar un proxecto que deberá concluir cun perfil singular e senlleiro para o Centro pero partindo das características de situación, contorno, alumnado e profesorado do centro, e tendo en conta as propostas de concrecións curriculares aprobadas polo Claustro. O devandito Plan pode e debe ser consultado con todos os membros da Comunidade Educativa, aínda que a súa elaboración corresponde ao Equipo Directivo, a fin de incluír as aspiracións de todos eles, e trala súa redacción final deberá ser aprobado pola Dirección do Centro.

O PEC, en consecuencia, relaciónase directamente coa autonomía pedagóxica, de organización e de xestión que se recoñece no artigo 120 da LOE. Sen dúbida vai ser un Plan que sinala o carácter propio de cada Centro, o que o vencia con outros pero tamén aquilo que o fai distinto e singular, asemade debe atender a outros aspectos como son as características contextuais, a atención á diversidade, a acción tutorial, a convivencia escolar, a concreción curricular, a transversalidade de áreas, materias e valores, e vírase dotado de plena identidade eco conxunto de plans e proxectos que o van desenvolver e que recolleremos brevemente na parte final. Este PEC responderá tamén a unha normativa legal establecida no marco actual de disposición e regulamentos que imos recoller resumidamente na seguinte listaxe:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro (LOMCE)

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da consellería de educación e Ordenación Universitaria.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non Universitario de Galicia.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 126/2015, polo que se establece o currículo básico da educación primaria.
- Orde do 25 de xuño de 2009, pola que se regula a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 9 de xullo de 2016, pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde ECD/65/2015, pola que se describen as relación entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación de educación primaria.

2. ANÁLISE DO CONTEXTO ESCOLAR

O C.E.I.P. “FOGAR” é un dos colexios que hai na vila de Carballo, creado no ano 1970 como Escola Comarcal (polo tanto, como Escola con Internado) ten a honra de ter sido un dos pioneiros no eido educativo público galego na zona rural. Na actualidade funciona como centro de Educación Infantil e Educación Primaria estando adscrito ó I.E.S. “Alfredo Brañas”.

DATOS DE IDENTIFICACIÓN

Código de Identificación Fiscal : Q-6555063-D

Código do Centro : 15002578

Enderezo: R/Vila de Ordes s/n 15100 Carballo (A Coruña)

Teléfono 981 700 294

Fax 981 758 203

E-Mail: ceip.fogar.carballo@edu.xunta.es

Paxina web: [http://centros.edu.xunta.es / ceipfogar](http://centros.edu.xunta.es/ceipfogar)

Na súa ubicación, o CEIP FOGAR é un centro situado na vila de Carballo, na zona alcumada como barrio do Chorís, ao comezo da vila na estrada que une Carballo con A Coruña e moi próximo á parroquia de Santa María de Bertoa. Situado na cabeceira da bisbarra de Bergantiños, capital dunha puxante comarca, nos últimos anos está a destacar por ser un centro de atracción humana e económica o que está producindo un forte crecemento poboacional, urbano e económico e convertendo a Carballo no polo de atracción doutras vilas e ámbitos rurais máis cercanos. Igualmente posúe unha posición estratéxica entre a as capitais provincial e autonómica e como zona de tránsito para a emblemática Costa da Morte.

Como citábamos atópase situado na zona do Chorís, con entrada por R/Vila de Ordes s/n e con entrada alternativa para alumnado por Avda de Bergantiños e Rúa Vila de Laxe, e acolle alumnos/as do casco urbano e da parroquia de Bertoa. Ten como centros adscritos as escolas de Mirón e A Rega, (todas elas pertencentes ao CRA “Ponte da Pedra”). Aínda así segue a

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

recibir e atender a alumnado procedente das escolas de Artes, Verdillo e Vilela por canto estas escolas foron ata vai ben pouco escolas adscritas ao Centro.

Se estrutura nun único edificio con certa complexidade ao estar concebido como unha Escola-Fogar polo que existe unha distribución en H, e moi diversos espazos adxuntos en tres andares.

- O primeiro andar conta cum amplo comedor (para 276 comensais), a zona de administración e sala de profesores, Biblioteca Escolar, zona de recepción de pais, conserxería, cociñas e vestiarios, WC, un aula de E. Infantil con vestíbulo de recepción do alumnado, e a antiga vivenda do conserxe (con varias dependencias ocupadas e cedidas ao ANPA “Pedras Brancas”, así como almacéns). Tamén existe aquí, no vestíbulo principal, unas salas de xuntanzas para recepción de pais ou outros mesteres.
- O segunda andar conta don diversas aulas de primaria nun dos brazos do H e de aulas de E. infantil, Biblioteca de E. Infantil e aula de Informática, e dependencias varias noutro brazo do H. Unindo ambos espazos existe un distribuidor que se usa como lugar para exposicións. Tamén existe aquí un aula de Música de grandes dimensións, diversas aulas de PT e AL, e un aula de experiencia multisensorial.
- O terceiro andar conta con aulas de E. primaria, aulas de E. Infantil, arquivo, espazos varios, etc..... Neste último andar existen varias aulas de Idiomas (igual que no primeiro andar) e unha sala de xuntanzas, reunión e conferencias, ademáis doutras aulas de PT e AL e aulas de diversidade.

Outros espazos cos que conta o centro son:

- Vivenda do conserxe.
- Espazos didáctico-pedagóxicos e corredores.
- Cociña e comedor.

Conta cun pátio exclusivo para uso de E. Infantil, con xogos adaptados, e separado por un portalón metálico da zona de E. Primaria, pátios cobertos (onde están situados os ximnasios da zona A e B, patios abertos con zona axardinada, pistas e frontón, e na zona superior exterior un pavillón deportivo cuberto e unha zona ampla descuberta que comparte limites coas instalacións do IES “Alfredo Brañas” e coa Piscina Municipal.

Na actualidade, polo desgaste da construción que xa conta con preto de médio século así como polo deterioro incívico, tentamos levar a cabo a cubrición dos muros con murais e

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

imáxenes, participando tamén no proxecto municipal “Derrubando Muros” e queremos introducir tamén os slogans e a motivación das mensaxes nesta forma de decoración dos espazos.

Unidades e alumnado

Na actualidade o Centro conta con 33 unidades, 9 unidades de E. Infantil e 24 unidades de E. primaria. Conta tamén cun importante número de aulas de PT e AL, que varían cada curso escolar en función das necesidades e da concesión por parte da Administración do persoal específico, pero no actual curso escolar posúe 4 aulas de PT e 3 aulas de AL. Igualmente existen varias aulas específicas de Lingua Estranxeira, 1 Aula de E. Musical, 1 Aula de Psicomotricidade, 2 Ximnasia, 1 sala de Audiovisuais, etc... Na actualidade estase a crear un aula de Experiencia Multisensorial.

Resulta un centro cun grande número de alumnado, algunhas aulas por riba da ratio de 25 alumnos, e cunha ratio media moi elevada.

As estadísticas de comezo de curso escolar este ano 2018-19 son as seguintes:

ESTADÍSTICAS DE PRINCIPIO DE CURSO

	Idade/Nivel	Nº de Unidades	Nº Alumnos
EDUC. INFANTIL	3 anos	3	65
	4 anos	3	75
	5 anos	3	74
TOTAL		9	214
EDUC. PRIMARIA	1º	4	102
	2º	4	93
	3º	4	101
	4º	4	82
	5º	4	94
	6º	4	80
TOTAL		24	562
TOTAL EI + EP		33	776

Equipo docente e Non Docente

O CEIP FOGAR conta cunha plantilla moi ampla, este ano con 54 profesores, a meirande parte con destino definitivo no Centro, aínda que polas dimensións da plantilla existe moito movemento na mesma, froito dos concursos de traslados. Igualmente hai que engadir persoal non docente como un conserxe, tres coidadores, persoal de cociña (1 cociñeiro e 2 auxiliares de cociña, persoal do Plan Concilia ou Madrugadores, persoal de limpeza, etc...)

1.1.1.1. O contorno social

Inciden no noso centro unha serie de características que debemos ter en conta. Estas son de tipo socioeconómico, cultural, etc, que dunha maneira complexa inflúen directamente sobre a comunidade escolar, no intre da súa organización, dirección e activación. Mención especial merecen os seguintes aspectos:

- Mestura de Entorno urbano e rural, con todo o que leva aparelado xeitos de vida distintos, distintas formas de organización social e profesional, etc... Ademais tamén os condicionantes sociais e económicos, moi diversos, determinan ambientes, estimulacións e condicionantes diversos que inflúen poderosamente na evolución académica e social.
- Transporte Escolar. Existencia de dúas liñas (diversos percorridos na parroquia de Bertoa), que descorren baixo a asistencia da Compañía de Transportes Queijeiro. Todas elas funcionan cun protocolo de servizo que se no Plan específico de servizos Complementarios.
- Alumnos provintes de escolas unitarias con incorporación en niveis e cursos diversos ao centro, o que conleva –en determinadas ocasións, polas dimensións tan diversas do centro de orixe e do de destino- problemas de adaptación, sociabilización, etc... Isto determina a necesidade de artellar medidas de adaptación como son a xornada de portas abertas para alumnos de novo ingreso (que se leva a cabo en colaboración cos Departamentos de Orientación dos centros no mes de xuño; incorporación as listas de aulas de grupos parellos de alumnos provintes das escolas unitarias; intercambio de información previa, etc...)
- A dimensión do centro, na actualidade con 33 unidades e 776 alumnos/as, supón en si mesmo unha enorme dificultade e un grande atranco en cuestións tan elementais e básicas para un centro educativo como son a organización, coordinación, uso común de espazos, planificación conxunta, atención individualizada, etc...

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

- Esta masificación tamén incide na realización de actividades, e sobor de todo, na atención individualizada de alumnos/as e moi especialmente daqueles que presentan dificultades de aprendizaxe, adaptación e integración. Neste contexto temos que salientar que os procesos de escolarización do concello nos últimos anos deron como resultado a ampliación de alumnado e aulas ata o punto de implicar o máis grande problema co que se enfronta o centro.
- Comedor Escolar con 276 comensais e baixo a característica de xestión directa.
- Salientable número de alumnos provintes dos movementos migratorios que conforman unha realidade social intensa no mundo occidental e que demandan unha resposta no eido educativo, e que nalgúns casos presentan graves carencias sociais ou problemas de adaptación que a escola debe afrontar e respostar. Xunto a iso engádesse nos últimos anos, froito da inquedanza económica e política, unha grande mobilidade das familias o que determina tamén unha intensa corrente de entrada e saída de alumnos que inflúe de forma decisiva no proceso educativo.

Deberíamos tamén citar a ruptura lingüística que estamos a preciar na lingua materna predominante que é o galego, coa incorporación e dominio do castelán como lingua vehicular nunha grande parte do alumnado. Isto nos leva a plantexarnos importantes medidas no Proxecto Lingüístico que acompaña a este PEC.

En calquera caso, o Colexio tamén ven directamente influido e determinado polo feito da súa ubicación nunha vila emerxente e vital como é a de Carballo, cabeceira dunha bisbarra sobranceira –a de Bergantiños- que xurde como un grande polo de atracción humana económica. Igualmente queremos salientar que as liñas educativas deseñadas desde os colexios do concello nos últimos anos, teñen determinado un plan xeral de actuación que inflúe moi positivamente no desenvolvemento educativo global. Esta liña conxunta de planificación e actuación dos centros educativos (Artai, San Luis Romero, Bergantiños, A Cristina, Razo, Gandara, CRA Ponte da Pedra, Canosa-Rus, Xosé Pichel, CRA Novo Mencer, Agualada e o noso centro) supón un chanzo fundamental na aposta por novas tarefas conxuntas máis dinámicas, máis suxerentes e máis atractivas que sen dúbida amosan resultados moi positivos no eido educativo. Nese senso queremos facer constar que a dinámica dos últimos anos, e a aposta decidida do centro pola colaboración conxunta no eido educativo, determina unha planificación activa de todos os colexios do concello que se traduce nunha actividade xeral e semellante. Nesa liña, desde vai xa algúns anos, unha vez ao mes, as direccións de todos os centros de primaria nos xuntamos nun centro para establecer canles

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

conxuntos de actuación, actividades semellantes, intercambio de información e colaboración. Esta xuntanza lévase a cabo os segundos martes de cada mes.

E naturalmente non podemos deixar de salientar o valiosísimo papel que xoga o ANPA no apoio conxunto e como pír esencial do proceso de modernización do labor dos colexios. Queremos insistir na importancia que esperamos recoller nesta Proxecto de continuar coa mesma liña de colaboración, respecto, axuda, comprensión e apoio que docentes e ANPA amosaron nos cursos anteriores e que serviu para afianzar proxectos tan ambiciosos como o desenvolvemento da Xornada Única, o fomento de actividades conxuntas de integración, o espallamento do uso do Abalar Móbil como canle directa de comunicación entre a Comunidade Educativa, a Páxina WEB, a riquísima oferta de actividades extraescolares, a formación continua a pais, a oferta de actividades tamén para pais, a ampliación do número de unidades do colexio, as obras de mellora das instalacións, a creación da Biblioteca de E. Infantil, a planificación conxunta da viaxe de fin de escolaridade dos alumnos de 6º nivel, as apostas por novos proxectos educativos, a creación das aulas de idiomas, as seccións bilingües, etc... Ademáis das xuntanzas coa ANPA, o Centro mantén xuntanzas a nivel grupal cos pais/nais ou titor@s respectivos de cada nivel, con colectivos diversos vencellados ás familias, etc... Ademáis se establece un sistema de atención ás familias a través dos documentos que se recollen na PXA.

Pero sobor de todo, o respecto, o diálogo e o cariño e a comprensión como elementos fundamentais da relación habitual entre os membros e sectores da comunidade educativa. Ese obxectivo e ese compromiso, conquerido o ano anterior, deberá seguir sendo unha norma esencial do labor diario, pois dese éxito aparecerán máis doadamente os éxitos na mellora do Centro, do proxecto educativo e fundamentalmente dos nosos rapaces e rapazas, os verdadeiros protagonistas.

En todo caso, queremos tamén salientar que ademáis das xuntanzas que establece a lexislación para intercambiar información cos distintos sectores (pais, persoal non docente, membros do consello escolar, profesores, xunta económica, observatorio da convivencia, etc...), o colexio – ao traveso da Xefatura de Estudos- manterá información puntual coa presidencia do ANPA, do mesmo xeito que a Dirección terá xuntanzas habituais coa Inspección, Administración Local e diversas Asociacións e membros da Comunidade Educativa.

3.- SERVIZOS E RELACIÓNS COAS FAMILIAS E INSTITUCIÓNS

O Centro atópase próximo ao Centro de Saúde de Carballo e psoúe unha estreita relación coa Unidade UDIAF. Igualmente hai unha relación directa cos Servizos Sociais e coa Concellería municipal de Benestar.

Está inscrita no Plan Concilia (Madrugadores), e participa tamén da cesión de espazos ao Concello coa apertura fóra do horario escolar baixo a responsabilidade do Padroado de Deporte dependente da Concellería respectiva.

No entorno do centro atópanse:

- Pistas de Atletismo do Chorís.
- Piscina Municipal de Vila de Noia.
- Pavillón Deportivo de Vila de Noia.
- Parque e Zona escolar do Chorís.

O centro tamén establece canles de comunicación constantes coa Biblioteca Municipal de Rego da Balsa así como co Pazo de Cultura.

Como principio esencial de relación, **este Centro considera que o respecto a toda forma de pensar, ser, crer, mostrar ou vivir; a participación, a escoita de propostas, a valoración das opinións e o trato afable teñen que ser as características esenciais da comunicación entre os membros da Comunidade Educativa e con calquera outra asociación ou institución, propoñendo ademáis -como un dos valores esenciais na formación do noso alumnado- que eta forma de proceder sexa a característica esencial a facer medrar na educación social dos nosos alumnos.**

E por iso que todas as familias, independentemente do modelo social ou cultural que posúan, estarán plenamente integradas no Centro, propoñendo ademáis unha canle fluida e activa de colaboración, comunicación e participación, dignificando docentes e familias o traballo conxunto que ambos deben desenvolver.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

Baseándonos pois en catro principios fundamentais:

- ❖ O respecto mutuo e constante na valoración da diferenza como forma de enriquecemento e progreso persoal.
- ❖ A comunicación constante, fluida, educada e amable, a través dunha escoita que a educadores e familias nos enriquezca co fin de mellorar o proceso de aprendizaxe do alumnado.
- ❖ A aposta por un modelo educativo que permita o crecemento individual e colectivo pero en atención ás peculiaridades individuais.
- ❖ O consenso explícito e continuo entre familia e Centro.

Os modelos de participación dos pais na escola regularanse a través das canles de tutoría, do deseño de actividades, da ANPA, do Consello Escolar, etc...

En todo caso lembremos que nesa participación tamén se establece no NOF e na PXA un deseño de actividades de información que como mínimo deberán recoller as seguintes:

- Reunión Xeral de grupo ao comezo de cada curso escolar.
- Circular informativa co resumo de NOF e publicidade de normas, plans e proxectos a través de WEB.
- Reunión individual segundo necesidades coordinada polo titor/a de cada grupo.
- Información e actualización da mesma a través de ABALAR MÓBIL.
- Unha hora semanal co centro aberto (luns de 17:00 a 18:00 horas) para entrevistas individuais con todos os profesionais do Centro.
- Xornada de Portas Abertas para familias de novo ingreso.

EMPREGO DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO POR PARTE DOUTRAS ENTIDADES

Este Centro está a disposición de toda a Comunidade Educativa ou de calquera asociación cultural que solicite formalmente algunha dependencia do mesmo, despois de acadar o correspondente permiso da Inspección e da Xefatura Territorial, responsabilizándose dos posibles danos, gastos e perxuicios que se poidesen ocasionar no Centro, así como a responsabilidade civil derivada de calquera incidencia que tivese lugar durante o desenvolvemento das actividades realizadas. Ademáis o centro posúe na actualidade un convenio de uso de instalación coa Agrupación XIRIA (uso do Pavillón) e una cesión de instalacións ao Concello como parte do acordo chegado pola Consellería coa FEGAM.

4.- CARACTERÍSTICAS ESTRUCTURAIS DO CENTRO

O centro atópase distribuído nunha ampla zona e consta de varias unidades estruturais nas que podemos distinguir os seguintes espazos:

ANDAR BAIXO

- ❖ Vestíbulo principal
- ❖ Dúas salas de Visitas e Entrevistas
- ❖ Conserxería
- ❖ Comedor escolar para 280 comensais con cocina propia, vestiarios e cuartos de baño.
- ❖ Almacén de Víveres
- ❖ Almacén
- ❖ Vestíbulo de recepción de alumnado de E. infantil
- ❖ Aula de E.infantil
- ❖ Biblioteca Escolar
- ❖ Zona administrativa, despachos e repografía.
- ❖ Cuartos de baño
- ❖ Sala de profesores
- ❖ Ascensor
- ❖ Ximnasio A
- ❖ Ximnasio B
- ❖ Acceso escolar a Zonas A e B
- ❖ Patio de E. infantil con xogos
- ❖ Patio de E. primaria (catro zonas)
- ❖ Patios cubertos
- ❖ Pavillón deportivo e canchas deportivas.
- ❖ Zona axardinada.
- ❖ Murais do programa Derrubando Muros.
- ❖ Caldeira
- ❖ Depósito de Combustible

ANDAR PRIMEIRO

- ❖ 3 aulas de e. Infantil
- ❖ Zona de xogos para E. infantil
- ❖ Aula de informática
- ❖ Biblioteca de E. Infantil
- ❖ Aulas de PT e AL
- ❖ 12 aulas de e. primaria
- ❖ Aula de E. musical
- ❖ Aula de F. Inglesa
- ❖ Aulas de PT e AL
- ❖ Aula de valores
- ❖ Distribuidor
- ❖ Vestíbulo

ANDAR SEGUNDO

- ❖ Cinco aulas de E. Infantil
- ❖ 12 aulas de E. primaria
- ❖ Aula de conferencias e usos Múltiples.
- ❖ Dúas aulas de F. Inglesa
- ❖ Departamento de Orientación
- ❖ Aula de Psicomotricidade
- ❖ Arquivo
- ❖ Aula multisensorial.
- ❖ Distribuidor.

No que se refire ao ámbito do equipamento debemos facer constar que existe un inventario actualizado anualmente que recolle fielmente o equipamento conxunto de todo o centro dividido por campos temáticos e curriculares, así como por áreas ou materias. En todo caso a fin de reflexar un pequeno acercamento diremos que:

- Todas as aulas están equipadas de Pizarra dixital con canón e ordenador.
- Todas as aulas posúen na actualidade acceso a internet cableada.
- Algunas aulas de PT e AL tamén posúen Pizarra dixital

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

- Toda as aulas posúen equipo Informático
- Existe un equipo de megafonía interior e exterior, e na actualidade en todos os cambios de sesión así como entradas e saídas sustitúese o tradicional timbre ou serea por un fragmento musical.
- Existe un equipo de megafonía e mesa de son no comedor escolar.
- A aula de música posúe un equipamento completo de instrumentos e materiais.
- Existe numeroso material deportivo nos ximnacios e no pavillón
- Hai un aula de Informática con 25 equipos informáticos
- Aula de Psicomotricidade equipada con material específico.
- Aula Multisensorial dotada de elementos específicos (mesas de luz, etc...)
- As aulas de F. inglesa posúen material específico de traballo nestas linguas así como bibliotecas de aula específica en lingua inglesa.
- Tres fotocopiadores (dúas delas en color) e una Multifunción en conserxería.
- Unha cámara de vídeo
- Unha cámara fotográfica.

5. ÁMBITO CURRICULAR E DOCENTE

5.1. UNIDADES DO CENTRO E ALUMNADO

O centro conta con 33 unidades creadas das cales 24 son de Educación Primaria e 9 son de Educación Infantil. O número de alumnos matriculados oscila entre e 750 e os 800 nos derradeiros anos. A ratio media ven sendo de 20/25, aínda que hai cursos que superan a mesma. Contamos con algúns alumnos/as con n.e.e. psíquicas e/ou motóricas. Tamén existe una salientable cantidade de alumnos procedentes de movementos migratorios que aportan una grande riqueza cultural ao centro.

5.2. CRITERIOS DE AGRUPAMENTO

Segundo a lexislación vixente, os centros educativos posúen niveis de autonomía curricular e organizativa (ver ROC), e dentro deses niveis e facultades, inclúese a distribución dos alumnos nun curso en diferentes grupos. Esta agrupación pode facerse segundo varios indicadores e incluso potenciando un indicador sobor doutro sempre que non erosionen os dereitos do alumno/a e sempre e cando se manteñan as estimacións de calidade, equidade e beneficio do alumno/a e grupo.

Existen varios criterios como:

- a) Equilibrio entre grupos de nenos e nenas.
- b) Orde alfabética
- c) Heteroxeneidade do alumnado e equilibrio entre os grupos.
- d) Xeito aleatorio

En todo caso, e primando a atención ao alumnado de NEAE que consideramos debe ser

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

prioritario, e tralo informe conseguinte do Departamento de Orientación, podemos establecer que os alumnos de asignación preferente son aqueles que entren baixo este baremo (polo tanto con decisión por escrito do D. de Orientación de inclusión en grupo determinado en atención ás especiais características que potencian a súa socialización e desenvolvemento global), potenciando deste xeito a súa incorporación ao grupo aula máis axeitado e conveniente para a súa integración, socialización e desenvolvemento das súas competencias e capacidades por riba de calquera outro criterio (isto é, número de alumnado, equilibrio de sexos, orde alfabética, heteroxeneidade, etc).

Posteriormente calquera dos demais criterios poderán ser elementos, independentes ou con varios criterios xuntos, de sustentar as formas de agrupación do alumnado nos distintos niveis. Preferiblemente enténdese que deberíase traballar con todas esas ferramentas pois cremos fundamentalmente que nese equilibrio está a máis axeitada e xusta agrupación.

En concreto, consideramos que o Claustro debe ser o órgano que opine sobre este tema e que propoña ao equipo Directivo a fórmula de agrupación máis consecuente co fin de obter o mellor rendimento e favorecer a máxima integración do alumnado de forma xeral, aínda que como establece a lexislación é esta –o establecemento e estruturación de grupos– unha competencia exclusiva do Equipo Directivo.

As decisións de carácter xeral sobre metodoloxía didáctica, criterios para o agrupamento de alumnos e organización espacial e temporal de actividades conforma un elemento esencial do proxecto curricular do centro (ver artigo 49, ROC) e necesariamente terá que verse reflexado na PXA.

A agrupación en E. Infantil (inicio ou 4º de E. Infantil) farase atendendo aos criterios de madurez (idade), equidade nenos-nenas, así como aqueles condicionamentos establecidos polo Departamento de Orientación respecto a alumnado de NEAE ou outro suxeito a súa atención prioritaria.

Os alumnos de novo ingreso agruparanse segundo o estricto número de alumnado por aula e grupo, de tal xeito que unha nova incorporación se producirá sempre no grupo con menor número de alumnos e, en caso de igualdade, polo grupo inicial (A, B, C, D). As excepcións a esta regra virán determinadas polos informes determinantes do Departamento de Orientación e atendendo a criterios xustificadas pensando sempre no benestar do alumnado. Tamén se terá en conta para o agrupamento ou cambios os informes médicos de Organismos Oficiais que recomenden outro grupo, a decisión da Inspección Educativa e a proposta razonada e

aceptada pola Comisión de Convivencia dese cambio.

Respecto da solicitude xeral ou individual de agrupamentos ou de inclusión ou exclusión nun grupo dun alumno/a poderase contemplar a posibilidade de cambios en calquera nivel sempre e cando existan casos **excepcionais** que deberán ser xustificados documentalmente e que contén con Informe favorable da grupo de profesores do nivel, da Xefatura de Estudos, do Departamento de Orientación e aviso e aprobación última da Inspección Educativa e que necesariamente terán que ver con causas **moi graves** derivadas de problemas psicolóxicos graves, de problemas de grave adaptación e socialización ou de acoso escolar moi grave e sin que resultasen posibles nen eficaces outras medidas correctoras anteriores que deberían ser tomadas antes do cambio de grupo.

O alumnado no tránsito de E. Infantil a E. Primario será agrupado atendendo aos seguintes criterios:

- a) Equilibrio entre grupos de nenos e nenas.
- b) Orde alfabética
- c) Heteroxeneidade do alumnado e equilibrio entre os grupos. Neste caso, este último criterio virá determinada polo informe do profesorado de E. Infantil é a súa recomendación a prol dunha forma concreta de agrupamento entre eles.

As excepcións a esta norma tamén virán determinadas polas causas antes citadas e sempre baixo a premisa, informe e recomendación do Departamento de Orientación do Centro, da que quedará sempre constancia por escrito. Igualmente quedará constancia por escrito das recomendacións establecidas polo profesorado anterior no caso de novas propostas de agrupación.

Respecto ao alumnado repetidor, este será distribuído equitativamente entre todos os grupos sempre baixo o criterio de inclusión, homoxeneidade e heteroxeneidade de grupos e outros aspectos pedagóxicos. Os informes existentes no expediente do alumnado poderán ser un elemento esencial de determinación para a agrupación. Igualmente evitarase na medida do posible que nunha mesma aula exista alumnado que xa levara un ano máis na etapa educativa correspondente.

5.3.- HORARIO

O horario do centro virá regulado pola orde que desenvolva o calendario escolar do curso correspondente e, en todo caso, desde a probación do horario de xornada única, o centro abre as súas instalacións de 9,30 a 14,30 horas, con posterioridade servizo de comedor escolar ata as 15,20 horas. A partir dese intre, os alumnos de transporte estarán atendidos ata as 16,25 horas. Os alumnos que non son usuarios de transporte escolar sairán do centro, rematado o servizo de comedor, agás que acudan a algunha das actividades ofertadas ata as 16,30 horas ou á Biblioteca-Sala de estudio, esta última exclusivamente para alumnado de 6º e 5º de EP. Os alumnos/as que acudan as actividades extraescolares ofertadas pola Agrupación Deportiva FOGAR en colaboración co Padroado de Deportes ou no seu defecto a Agrupación que organice as mesmas en acordo con outra na que delegue a organización co aprobación do Consello Escolar realizarán as mesmas en horario de 15-30 a 16-25 e 16,30 horas a 17,25 horas, acompañados sempre polo monitor de cada actividade.

O centro tamén oferta a súa actividade do Programa Concilia (Madrugadores) desde as 7,30 horas da mañá.

Todos os luns lectivos, en sesión de 16,00 a 18,00 horas, realizaranse tarefas de carácter docente, titorial ou atención a pais/nais (en horario exclusivo de 17.00 a 18:00 horas).

5.4.- PROFESORADO

A relación de postos de traballo do CEIP FOGAR na actualidade é de 51 profesores, aínda que a plantilla docente sempre supera os 53 profesores. Existen tamén, na actualidade, 3 coidadores que realizan una función educativa e asistencial fundamental na tarefa de integración de alumnado con necesidades educativa. O catálogo aporta as seguintes especialidades:

- ✓ 12 profesores de E. Infantil (3 de apoio)
- ✓ 24 profesores de E. Primaria
- ✓ 3 profesores de E. Física
- ✓ 1 profesor de E. musical
- ✓ 3 profesores de F. inglesa
- ✓ 1 profesor de F. Francesa
- ✓ 2 profesores de P.Terapéutica
- ✓ 2 profesores de Audición e Linguaxe
- ✓ 1 Orientador

- ✓ 2 profesores de Relixión Católica

Ademáis debemos citar que desde vai algún anos contamos cun Auxiliar de Conversa en Lingua Estranxeira.

Gran parte do profesorado ten destino definitivo no centro polo que permite o desenvolvemento e afianzamento de programas de innovación educativa e experiencias de plans de formación.

6.- SINAIS DE IDENTIDADE

Os principios son aqueles fundamentos que debemos ter en conta para axudar a que os nosos alumnos logren os obxectivos e desenrolen as súas capacidades. Baséanse nas necesidades dos discentes:

- A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
- Buscar na comunicación, en todas as súas facetas, e moi especialmente no eido lingüístico, a canle esencial de integración do individuo na sociedade.
- A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de discapacidade.
- A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- A concepción da educación como unha aprendizaxe permanente, que se desenvolve ao longo de toda a vida.
- A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimenta no alumnado e a sociedade.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

- A orientación educativa dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.
- O esforzo individual e a motivación do alumnado.
- O esforzo compartido por alumnado, familias, profesores, centros, administracións, institucións e o conxunto da sociedade.
- A autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares no marco das competencias e responsabilidades que corresponden ao centro.
- A participación da comunidade educativa na organización, goberno e funcionamento do centro.
- A educación para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica, así como a non-violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- A consideración da función docente como factor esencial da calidade da educación, o recoñecemento social do profesorado e o apoio a súa tarefa.
- O fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.
- A avaliación tanto na programación e organización e nos procesos de ensino e aprendizaxe como nos seus resultados.

FINS EDUCATIVOS

A propia lexislación establece cales son os principios e fins que deben guiar a educación, e que nos suscribimos plenamente:

- O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades de todo o alumnado, calquera que sexa as súas condicións socioeconómicas, físicas, psíquicas, emocionais, familiares ou doutra índole.
- O ensino mergullado no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de todos os dereitos e oportunidades entre mulleres e homes e na igualdade no trato, sen ningún tipo de discriminación.
- A tolerancia e a liberdade como ferramentas esenciais do proceso educativo e como aprendizaxe de convivencia, así coma a aprendizaxe na prevención e resolución de conflitos de forma sosegada, pacífica e tolerante.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

- A educación na paz, na inserción no entorno, e nos valores de cohesión social, cooperación e solidariedade entre pobos e culturas, promovendo valores e actitudes que propicien o respecto cara aos demais e ao medio natural e alimentando un progreso sostible.
- Favorecer a creatividade, a autoaprendizaxe e o respecto aos ritmos particulares de adquisición de coñecementos, fomentando o espírito crítico e emprendedor.
- A mestura de aprendizaxes científicas e culturais na mesma medida que as emocionais, físicas, hábitos saudables, capacidade artística e valores humanos.
- A potenciación da comunicación non só nas dúas linguas oficiais, senón tamén noutras que amplíen o noso marco comunicativo global.
- A preparación para o exercicio da cidadanía responsable e para a participación activa na vida económica, social e cultural, cunha actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento, así como a actitude de mellora e progreso do mundo.

E por iso que concluímos dicindo que:

“A nosa concepción da educación é ser quen de conquistar unha escola plural, democrática, integradora e motivadora, libre plenamente, con conciencia social, promotora da saúde, integrada no seu entorno e fundamentalmente comprometida co desenvolvemento sostible e coa protección do medio ambiente, ao tempo que apostando polo completo desenvolvemento da personalidade intelectual, ética, afectiva e sexual sen ningún tipo de discriminación, e tentando promover o diálogo e a tolerancia como ferramentas esenciais da comunicación nunha concepción global da sociedade”.

7.- OBXECTIVOS DO CENTRO

7.1.- ÁMBITO PEDAGÓXICO

Ao longo do proceso de ensino temos por finalidade esencial conseguir que o alumnado sexa plenamente competente en todos os ámbitos. Nese aspecto imos potenciar de forma global e en todas as facetas, áreas ou tarefas e de forma conxunta as seguintes competencias:

- ✓ Competencia en comunicación lingüística
- ✓ Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- ✓ Competencia dixital
- ✓ Aprender a aprender
- ✓ Competencias sociais e cívicas
- ✓ Sentido da iniciativa e espírito emprendedor
- ✓ Conciencia e expresións culturais

Por iso ciframos como obxectivos básicos os seguintes:

- a) Fomentar unha aprendizaxe individualizada que fomente en cada individuo o medrar competencial persoal.
- b) Empregar metodoloxías innovadoras, globalizadoras e plurais que partan da realidade do alumno pero que os acheguen a outras moitas realidades.
- c) Educar e potenciar activamente a pluralidade lingüística e o valor da comunicación.
- d) Integrar os coñecementos na realidade social, facendo espertar tamén unha conciencia social crítica que abra as mentes ao progreso, á mellora e aos cambios na sociedade.
- e) Fomentar aprendizaxes innovadores dentro do ámbito tecnolóxico, cooperando para educar alumando competente dixitalmente.

7.2.- ÁMBITO HUMANO

En relación directa coa nosa concepción da escola como forno esencial de condimentación dos

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

valores sociais e cidadáns, consideramos que tamén debemos ter os seguintes obxectivos neste ámbito:

- a) Educar alumnado crítico que elimine estereotipos e amose unha mentalidade aberta a todo tipo de realidade humana e social.
- b) Insistir na importancia fundamental de educar en valores éticos e morais que nos fagan mellores persoas e mellores cidadáns.
- c) Desenvolver actitudes de respecto e tolerancia cara á diversidade en calquera das súas facetas.
- d) Facer da integración un concepto esencial da xustiza social e do compromiso pola convivencia.
- e) Fomentar o debate de ideas e opinión como forma democrática de educar cidadáns libres.
- f) Dar sentido aos conceptos de solidariedade e actitude pacífica como termos prácticos que adquiren a súa razón na medida que se executan.
- g) Fomentar o traballo en equipo como forma esencial de entender a participación na sociedade.
- h) Fomentar a creatividade, a imaxinación, a orixinalidade e a autoaprendizaxe como formas de crecemento persoal e cultural e como xeito de enriquecemento global.
- i) Educar no consumo responsable, nos hábitos saudables, no respecto e coidado do medio e nos valores de integrarse no entorno.
- j) Fomentar unha cultura do esforzo e do traballo como valores esenciais do progreso.

7.3.-ÁMBITO ACADÉMICO

Relacionándose co ámbito estritamente académico propoñemos os seguintes obxectivos fundamentais:

- a) Incorporar ás aulas metodoloxías, materiais e ferramentas relacionadas coa tecnoloxía e o progreso.
- b) Fomentar materias e aprendizaxes que aparezcan como novas ferramentas de potenciación competencial (Robótica, Competencia Dixital, Nanotecnoloxía, etc...)
- c) Fomentar as aprendizaxes das linguas e impulsar medidas educativas e programas formativos que fomenten estas actividades.

- d) Propor e animar á formación permanente do profesorado por parte de novos programas de actualización que repercutan no traballo en aulas.
- e) Dotar dos materiais esenciais dunha escola moderna con ritmos de aprendizaxe de novos tempos.

7.4.-ÁMBITO LINGÜÍSTICO

Ao longo de toda esta declaración previa de intencións deixamos claro que a potenciación da competencia lingüística é un valor fundamental e un sinal de identidade do Centro e desde logo se plantexa como un obxectivo específico que deberá de resumirse na adquisición ao remate da etapa educativa de Primaria dunha plena competencia en lingua galega e castelá, fomentando ambas dúas culturas, de tal xeito que se vencellen directamente.

Esta capacidade oral deberá verse complementada cunha plena competencia nunha lingua estranxeira (Inglés), tentando tamén que esa plena competencia nas tres linguas sexa unha aspiración non só para discentes senón tamén para docentes e outros membros da Comunidade Educativa.

8.- CONCRECIÓN CURRICULAR

8.1.- ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS DE ETAPA

Tanto en E. Infantil como en E. Primaria a adecuación vaise plasmar nas diversas Programacións que cada nivel realizará a comezos do mes de setembro e que poderán ser consultadas por todos os membros da Comunidade Educativa. Esas Programación, tralo envío á Inspección Educativa para a súa definitiva aprobación e avaliación, serán publicitadas a través dos medios habituais que empregue o Centro. Igualmente outros obxectivos concretaranse nos diversos documentos o programas que realice o Centro e que tamén serán publicitados, podendo ser consultados, polas canles habituais (web, circulares, etc...)

8.2.- DISTRIBUCIÓN HORARIA DAS MATERIAS

O marco legal establece, Anexo IV do decreto 105/2014, do 04 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación primaria na CA de Galicia, unha determinada distribución, que nos complementamos no centro como agora se expón:

Cadro distribución horaria curso

	<u>1º EP</u>	<u>2º EP</u>	<u>3ºEP</u>	<u>4º EP</u>	<u>5º EP</u>	<u>6º EP</u>
Lingua castelá e literatura	4	4	4	4	4	3
Lingua galega e literatura	4	4	4	4	4	3
Matemáticas	5	5	4	4	5	5
Ciencias sociais	3	2	3	2	2	3
Ciencias da natureza	2	2	2	2	2	2
Lingua estranxeira	2	2	3	3	3	3
Educación Artística (en Inglés)	2	2	2	2	2	2
Educación física	2	2	2	2	2	2
Relixión / Valores Sociais e Cívicos	1	2	1	1	1	1
Robótica				1		1
Total horas:	25	25	25	25	25	25

8.3.- LINGUA DE IMPARTICIÓN DAS DISTINTAS MATERIAS.

En E. infantil, e atendendo ao lexislado no artigo 5 do Decreto 79/2010 de plurilingüismo, atenderase de forma axeitada a lingua maioritaria vehicular nos fogares de tal xeito que acheguemos o ensino á realidade máis cercana ao alumno para ir potenciando progresivamente a adquisición doutra lingua de forma natural. Tamén, e co apoio do profesorado do F. Inglesa, iremos introducindo a lingua estranxeira progresivamente con diversas actividades e con sesión en aula.

En E. Primaria establecemos o equilibrio sinalado na lexislación de tal forma que se impartirán as materias do seguinte xeito:

-Castelán: Matemáticas, L. Castelá, Plástica, Relixión, Robótica

-Galego: L. galega, CC. Sociais, CC. Naturais, E. Musical, E. Física

-Inglés: L. Inglesa, Plástica (nas sección bilingües).

-Proxecto lector: Galego, castelán, inglés.

Funcionará a sección Bilingüe nos niveis establecidos polos especialistas que a levan a cabo.

8.4 TRANSVERSALIDADE

O Decreto 105/2014 que desenvolve o currículo de E. Primaria, recolle no seu artigo 6º ao falar da Autonomía dos Centros que “o proxecto educativo do centro recollerá os valores, obxectivos e prioridades de actuación. Así mesmo, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación que lle corresponde fixar e aprobar ao claustro, así como o tratamento transversal nas áreas da educación en valores e outras ensinanzas”. E ao falar de transversalidade recollemos basicamente o seguinte:

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional

traballaranse en todas as disciplinas.

2. Fomentar a calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non-discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, deseño para todas as persoas, atención á diversidade e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.

3. Promover o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, incentivar a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Por iso incluímos nas P. Didácticas e nos diversos proxectos do centro diversas cuestións como a prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Tamén se incorporan os elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, así como a protección ante urxencias e catástrofes.

Igualmente aqueles orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor. Tamén deberemos fomentar que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Por último no ámbito da educación e da seguridade viaria incorpóranse elementos curriculares e promóvense accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peón ou peoa, persoa viaxeira e persoa condutora de bicicletas, respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións axeitadas tendentes a evitar os accidentes e as situacións de risco.

8.5.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Neste apartado cómpre referirse ao especificado no Plan Xeral de Atención á Diversidade que aparece como anexo a este PEC e que se pode consultar do mesmo xeito que o actual. Este Plan complementase cun Programa específico de atención á diversidade de carácter anual que se incorpora cada curso escolar á PXA e que se elabora por parte do Departamento de Orientación do Centro.

DINAMIZACIÓNS

Atendendo ás necesidades específicas do alumnado e dos distintos grupos, o Equipo Directivo, escoitado o Claustro, poderá dictaminar apoios específicos en aula cos seguintes fins:

- Reforzo educativo
- Atención á diversidade
- Atención específica de apoio ao alumnado estranxeiro ou de minorías étnicas.
- Apoio a Educación Infantil.

Igualmente o equipo Directivo poderá dictaminar e designar aos Dinamizadores dos distintos apartados contemplados na PXA así como ao profesor colaborador das mesmas, segundo as necesidades pedagóxicas, organizativas e didácticas que requira o Centro.

Primarase, en todo caso, o ensino compensatorio e o ensino de sección bilingües e plurilingües.

8.6.- AVALIACIÓN

A avaliación do alumnado atenderá ao regulado pola lexislación na Orde do 25 de xuño do 2009 (E. Infantil) e na Orde de 09 de xuño do 2016 (E. Primaria). En todo caso realizarase sempre nos primeiros días de curso escolar unha avaliación inicial. Así mesmo ao longo de todo o curso estabreceranse tres períodos de avaliación, realizándose finalmente unha avaliación final do grupo e unha valoración de resultados, segundo os modelos estabrecidos nos diversos documentos organizativos do Centro. Darse cumprida información ás familias ao traveso dos boletíns informativos e por calquera outro medio estabrecido polo Centro. En todo caso, e refrente á avaliación debemos citar o seguinte:

1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das disciplinas troncais, específicas e de libre configuración serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábles que figuran nas Programacións Didácticas do Centro

2. A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

3. Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación de terceiro curso e a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

4. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

5. Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

6. Co fin de garantir o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, o Centro adoptará as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliábeis, as estratexias e instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción. Estes apartados poden ser consultados por calquera membro da Comunidade Educativa nas canles de comunicación habitual do Centro.

7. Como establece a lexislación realizarase unha avaliación individualizada a todos os alumnos e as alumnas ao rematar o terceiro curso de educación primaria, segundo dispoña a Consellería con competencias en materia de educación, na que se comprobará o grao de dominio das destrezas, as capacidades e as habilidades en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación co grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática.

De resultar desfavorable esta avaliación, o equipo docente adoptará as medidas ordinarias ou extraordinarias máis axeitadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan solventar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

8. Ao rematar o sexto curso de educación primaria tamén pode realizarse unha avaliación final individualizada a todos os alumnos e todas as alumnas, segundo determine a lexislación.

O nivel obtido por cada alumno ou alumna farase constar nun informe, que será entregado aos pais, ás nais ou ás persoas que exerzan a tutoría legal e que terá carácter informativo e orientador para os centros docentes nos que os alumnos e as alumnas cursasen o sexto curso de educación primaria e para aqueles nos que cursen o seguinte curso escolar, así como para os equipos docentes, os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal e os alumnos e as alumnas. O nivel obtido será indicativo dunha progresión e aprendizaxe adecuadas, ou da conveniencia da aplicación de programas dirixidos ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ou doutras medidas.

Co fin de facilitar a transición desde a educación primaria á educación secundaria obrigatoria, o Centro preste unha especial atención á coordinación entre ambas as dúas etapas, para salvar as diferenzas pedagóxicas e organizativas e os desaxustes que se poidan producir no progreso académico do alumnado, realizando diversas tarefas de achegamento e información (entre elas xornadas de convivencia; charlas informativas; xornada de portas abertas, etc...)

Criterios de Promoción

Os Criterios de Promoción sinalanse detalladamente en todas as P.Didácticas de Nivel. Todas elas conforman anexos da PXA. En todo caso, faise constar que a CCP do Centro poderá analizar, considerar e consensuar uns criterios comúns de promoción para todo o Centro que se poderán incorporar. De facerse así, daríase publicidade aos mesmos ao traveso dos medios habituais de transmisión de información á toda a Comunidade Educativa.

Tarefas extraescolares

O decreto 105/2014 sobre o currículo de E. Primaria establece na súa Disposición Adicional Terceira respecto das tarefas extraescolares o seguinte:

1. Os centros docentes poderán incluír dentro da súa programación xeral anual, segundo o marco de autonomía pedagóxica e organizativa, as pautas e/ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares na etapa de educación primaria, de xeito que entronque co adecuado desenvolvemento das competencias clave do alumnado segundo os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe, atendendo a un principio de progresividade ao longo da etapa educativa.

2.- No caso do seu establecemento, terase en conta un adecuado encaixe na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa das mesmas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado. Ao tempo fomentárase a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.

En consecuencia, este Centro sinala o seguinte:

a) Cada nivel poderá recoller na súa Programación Didáctica Anual un apartado específico adicado ás tarefas extraescolares que determine e precise claramente as pautas de actuación dese nivel de forma conxunta e homoxenea para todas as aulas.

b) Os distintos niveis pautarán as tarefas de afianzamento, desenvolvemento e mellora do nivel competencial en diversos ámbitos, de tal forma que asegure –de xeito progresivo, isto é, con maior incidencia nos niveis superiores- a normal e axeitada adquisición das competencias.

c) A CCP do centro poderá establecer uns criterios xerais que se sinalen para todo o centro, respecto a este tema, e que deberán darse a coñecer a todos os membros da Comunidade Educativa, respectando sempre o sinalado na lexislación.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

d) A imposición ou recomendación de tarefas non implicará, en ningún caso, ningún tipo de discriminación por motivos económicos ou de tipo social ou familiar, tendendo –na medida do posible- a facilitar para todo o alumnado o desenvolvemento das tarefas polos seus medios.

e) As tarefas deberán fomentar a autonomía personal e irán sempre deseñadas segundo o nivel madurativo do alumnado.

f) Poderán deseñarse ou imporse tarefas específicas para determinados alumnos segundo as necesidades específicas que se determinen por parte do profesorado.

g) Poderán enviarse de maneira puntual tarefas inacabadas no aula a determinados alumnos derivado este feito do seu incumprimento reiterado da necesaria atención e traballo no aula. De continuar esta conducta deberán tomarse medidas disciplinarias distintas.

h) Poderán establecerse tarefas que non se rematen no aula e que terán unha relación directa coa valoración final do rendemento do alumno. Igualmente debemos citar que o estudio é unha tarefa obrigada da que son os responsables os alumnos e as súas familias.

i) Nos niveis máis baixos constar poderanse enviar tarefas de reforzo e mellora do rendemento educativo do alumno e que poderán ter un carácter voluntario.

j) Nos niveis máis elevados poderanse impor tarefas de aprofundamento, reforzo e implementación de aprendizaxes, así como tarefas de investigación e desenvolvemento competencial e aquelas outras non rematadas en aula.

Criterios para a concesión de Mención Honorífica

Segundo contempla a Orde do 09 de xuño do 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, poderá concederse mención Honorífica ao remate do Ensino Primario. En concreto, a citada disposición recolle no seu artigo 5.4 o seguinte:

4. Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente.

5. A proposta de «Mención honorífica» farase constar na acta de avaliación.

En consecuencia, o Centro entende que non se establece ningún número mínimo nen máximo de Mencións a outorgar por curso escolar nen por grupo e aula, e tamén dispón que para a

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

concesión desa mención deberán alomenos cumprirse algúns dos seguintes criterios por parte do alumando susceptible de ser proposto:

- a) Que o devandito alumndo obteña a calificación de sobresaliente alomenos nas áreas lingüísticas, na área de matemáticas e nunha das áreas do ámbito social e natural, nos niveis de 5º e 6º de Educación Primaria.
- b) Que o alumando obteña unha cualificación de sobresaliente en todas ás áreas que compoñen o nivel de 6º de E.P.
- c) Que o devandito alumnado destaque nun área moi concreta, de xeito tan elevado que fora necesario que ao longo do curso realizará un programa específico de potenciación desa capacidade por sobredotación nesa área, superando os obxectivos e estándares establecidos desde comezos de curso. Neste caso o alumando recibiría a mención exclusivamente nesa área.

Tamén resultará decisivo nesa concesión que se cumpran os requisitos conductuais e atencionais establecidos e que conforman parte esencial do programa curricular. Isto é, aínda cumprindo algún dos requisitos anteriormente expostos pero se se establecerá ao longo do curso apercibimentos graves pola conducta ou actitude do alumno non se concederá a devandita mención. Igualmente se houbera un nivel de absentismo escolar suficientemente salientable como para iniciar un protocolo de actuación, tamén poderá ser obxecto de non concesión da mención.


Por último sinalamos como elemento prioritario que a decisión de concesión da mención deberá ser tomada de forma colexiada por todos os profesionais asistentes á xuntanza de avaliación do nivel e implicados na formación do alumnado avaliado.

Criterios cualificación final

Se establecen criterios para a cualificación final nas diversas Programacións e se incorporarán tamén na PXA.

9.- ORGANIZACIÓN

9.1.- ORGANIGRAMA



ÓRGANOS DE GOBERNO

❖ COLEXIADOS

- Claustro de profesores. É o órgano encargado de acordar todas as decisión de ámbito pedagóxico e didáctico, ademáis de posuir outras función que se recollen nos artigos 128 e 129 de LOE.
- Consello Escolar: é o órgano de representación de todos os sectores da Comunidade Educativa. No centro está formado por 15 membros (Equipo Directivo, 5 representantes dos profesores, 5 representantes do sector pais/nais –un deles nomeado pola ANPA-, un representante do persoal non docente, un representante do Concello). A súa organización e competencias se recollen en artigos 126 e 127 da LOE coas reformas introducidas polo punto 80 do artigo único da LOMCE.

❖ UNIPERSONAIS

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

- **Director/a:** As súas competencias veñen recollidas no artigo 132 da LOE, tendo en conta as modificacións introducidas no punto 81 da LOMCE.
- **Xefatura de Estudos:** regulada polos artigos 28 a 34 do decreto 374/1996 e no que se refire a formación do profesorado tamén no Decreto 74/2011 de 14 de abril. Con carácter xeral, as súas competencias, dispostas no ROC correspondente ao seu tipo de centro docente, están referidas á garantía da execución das actividades académicas e de orientación, nos seus ámbitos tanto de coordinación da actividade docente coma de organización.
- **Secretario/a:** función recollidas no artigo 35 do decreto 374/1996. As súas competencias están referidas á súa xestión administrativa e económica polo que xestiona e controla o persoal de administración e servizos seguindo as instrucións da persoa responsable da dirección, ocúpase de redactar a acta das reunións e de dar fe dos acordos adoptados, e adoita ter a función de difundir a información sobre normativa, disposicións legais ou asuntos de interese xeral.

ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

- ❖ **Comisión de Coordinación Pedagóxica.** Esta comisión ten unha función expresa de coordinación e está conformada polo conxunto de persoas designadas no ROC para realizar un determinado labor en representación dun colectivo: todo profesorado, e está presidida pola persoa responsable da dirección. A CCP é unha estrutura de coordinación cuxa función é asegurar a coherencia entre todos os proxectos e plans de centro, desde o proxecto educativo ata as programacións didácticas ou, se é o caso, o plan de acción tutorial, evitando o seu desenvolvemento parcelado e inconexo, e dotando as accións docentes de directrices de actuación que deben ser trasladadas aos claustros para a súa aprobación.
- ❖ **Equipo de Dinamización Lingüística;** regulado pola Orde do 17 de xullo do 2007
- ❖ **Equipo de Dinamización da Biblioteca**
- ❖ **Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.**
- ❖ **Equipo de Nivel e/ou Ciclo**
- ❖ **Calquera outra** que o centro acorde crear a fin de favorecer a coordinación e actuación docente e pedagóxica

COMISIÓNS

- ❖ Xunta Económica
- ❖ Comisión de Convivencia
- ❖ Comisión de Igualdade
- ❖ Comisión de Dinamización das TIC

PERSOAL NON DOCENTE

- ❖ Un cociñeiro Oficial de 1ª
- ❖ Dúas axudantes de Cociña
- ❖ Tres coidadores
- ❖ Un conserxe
- ❖ Una administrativa
- ❖ Persoal de limpeza

ASOCIACIÓN DE PAIS/NAIS

Na actualidade existe unha asociación de pais/nais do alumnado. A Asociación “Pedras Brancas” atende ao recollido no artigo 105 do Decreto 374/1996 e na actualidade emprega un local social cedido polo Centro na antiga vivenda do Conserxe. A xefatura de Estudos mantén unha entrevista trimestral cos representantes da devandita asociación para acordar determinadas medidas e sempre que sexa necesario.

9.2 DOCUMENTACIÓN INSTITUCIONAL

A LOE-LOMCE establece no artigo 120 a autonomía pedagóxica, de organización e de xestión dos centros docentes. Esta autonomía reflíctese nos seguintes documentos que os centros docentes deben elaborar, aprobar e executar.

1. **O proxecto educativo de centro(PEC)**, establecido no artigo 121 da LOE, dota o centro docente dun carácter propio. Nel recóllense os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación, para o que se deberá ter en conta as características do contexto social, cultural e económico do centro; a forma de atención á diversidade do alumnado e a acción titorial, así como o plan de convivencia, respectando o

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos establecidos na LOE-LOMCE. Igualmente, incorpora a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa, o tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores e outras ensinanzas.

2. **As normas de organización e funcionamento(NOF)**, establecidas no artigo 122 da LOE, é un documento institucional fundamentado no plan de convivencia e no proxecto educativo do que forma parte, cuxas liñas xerais inspiran o seu desenvolvemento. Como o seu nome indica, é un conxunto de normas relativas á organización e ao funcionamento do centro. O seu obxectivo fundamental é desenvolver relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para lograr un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar. Deben incluír normas que garantan o cumprimento do plan de convivencia. A súa estrutura e elementos básicos poden estar regulados polas distintas administracións educativas. En todo caso, deben respectar os dereitos de todos os membros da comunidade educativa establecidos na diversa normativa vixente.
3. **A programación xeral anual (PXA)**, disposta no artigo 125 da LOE, encoméndalles aos centros educativos a elaboración, ao principio de cada curso, dunha programación que recolla todos os aspectos relativos á organización e funcionamento do centro, incluídos os proxectos, o currículo, as normas, e todos os plans de actuación de carácter anual acordados e aprobados. Trátase pois dun plan anual no que se recollen a) os obxectivos específicos que o centro se propón conseguir no curso académico, como concreción dos obxectivos, finalidades e valores expostos no proxecto educativo, b) as medidas que se van desenvolver para a súa consecución, c) os recursos previstos para o efecto e d) o plan xeral de avaliación do centro.
4. **O proxecto de xestión**. Segundo o artigo 123 da LOE, os centros públicos deben expresar a ordenación e utilización dos seus recursos, tanto materiais coma humanos, a través da elaboración do seu proxecto de xestión, nos termos que regulen as administracións educativas. Estas poden delegar nos órganos de goberno dos centros públicos a adquisición de bens, contratación de obras, servizos e subministracións. Esta autonomía de xestión debe estar de acordo co Real

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

A avaliación da PXA, en relación coa planificación e organización docente, é competencia do consello escolar e, en relación os aspectos educativos, é competencia do claustro. A este compételle igualmente a avaliación tanto dos distintos proxectos que conforman o PEC coma da actividade docente e dos resultados acadados. Esta avaliación preséntase normalmente nunha **memoria anual do centro**, segundo estrutura, axentes, prazos etc. que cada Administración educativa teña establecido.

Pero ademáis existe unha planificación entre a situación que temos a que pretendemos acadar ao traveso da actividade docente e por iso facemos un deseño a longo e medio prazo. Así, considerando as características e función de cada documento institucional, o Centro leva a cabo dous tipos de planificación diferenciada no exercicio da súa autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión:

1.Unha planificación estratéxica, a longo prazo, que poña a énfase na procura de obxectivos no tempo, inclúa visión de futuro, valores corporativos, obxectivos e estratexias. Isto concrétase no proxecto educativo de centro (PEC).

2.Unha planificación táctica, a medio prazo, anual. Responde ás preguntas que, como, cando, quen, onde e con que, e desagrega o plan estratéxico en programas ou proxectos específicos. Isto concrétase, entre outros plans e proxectos que conforman o PEC:

-Na programación xeral anual (PXA)

-Nas programacións didácticas (PD)

-No proxecto de xestión










-Nos distintos proxectos e plans de carácter anual.

Entre eses Proxectos de carácter anual que se incorporan á PXA debemos citar que parten en grande medida dos Proxectos Institucionais do Centro que agora se relacionan e que complementan ao citado anteriormente:

 **Programación Didácticas**

 **Concreción Curricular**

 **Plan Xeral de Atención á Diversidade**

-  **Plan de Convivencia**
-  **Plan de Acción Titorial**
-  **Proxecto Lector**
-  **Proxecto de Educación Dixital**
-  **Plan de Autoprotección**
-  **Proxecto Lingüístico de Centro**
-  **Plan de Saídas Escolares**
-  **Protocolo de Acollida**
-  **Protocolos de Actuación Diversos**

9.3.- SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

Na actualidade existe Servizo de Comedor escolar de Xestión Directa e Servizo de Transporte Escolar con dúas rutas para a parroquia de Bertoa. Ambolos dous servizos posúen un Protocolo específico de funcionamento, xestión e organización que se incorpora á PXA.

9.4.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Refírense aquí o conxunto de actividades que se desenvolven na xornada lectiva habitual e que posúen un enfoque transversal e pedagóxico tal como se recolle na Orde anual do calendario escolar. En todas elas é obrigada a participación, por formar parte do proceso educativo. Nelas tamén se inclúen o conxunto de saídas e actividades diversas que complementan a acción educativa do Centro.

9.5.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Neste eido tamén se incorporan aquelas actividades que se ofertan fóra do horario lectivo e que se regularán segundo o que se estableza anualmente na PXA e nos acordos específicos que o Centro desenvolva con diversas entidades e institucións.

10.- AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PEC

Como calquera outro documento cómpre que sexa avaliado e analizado e así farémolo por medio dun inventario d eindicadores. A análise destes indicadores reflexará o procedemento a seguir e os cambios a introducir. En todo caso, cómpre salientar que cada catro anos debemos analizar e revisar o proxecto. Deberán tamén incluírse as innovacións e adecuacións legais que fixe a normativa. Igualmente, poderán incorporarse aquelas propostas que a a Comunidade Educativa, ao traveso dos seus órganos de participación, acorde introducir no documento.

INVENTARIO DE INDICADORES PARA A VALORACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO

1. O PE é un claro reflexo da identidade do centro
2. O PE responde ás necesidades do entorno e do alumnado
3. O PE responde ás intencións educativas actuáis
4. O PE é suficientemente coñecido pola comunidade educativa
5. As finalidades son compartidas
6. A revisión do PE está organizada e parte da experiencia compartida
7. O documento do PE respecta a estrutura proposta pola lexislación vixente
8. Os obxectivos que se desenvolven estanse levando á práctica
9. Compártese a organización e funcionamento do centro reflectido no PE
10. A PXA recolle anualmente eses obxectivos para cada un dos ámbitos
11. A PXA incorpora os aspectos que se valoraron como mellorables o curso anterior
12. É útil para definir e describir as actuacións que se realizan no centro
13. É unha ferramenta de consulta e apoio
- 14 . As Programacións Didácticas están actualizadas

11.- DOCUMENTOS DE REFERENCIA

Complementan este Proxecto Educativo, os seguintes documentos institucionais que axudan a conforman a identidade propia e organizativa do Centro, cales son:

- I. Programacións Docentes
- II. Programación Xeral Anual
- III. Proxecto de Xestión
- IV. Memoria Anual
- V. Concreccións Curriculares
- VI. Proxecto de Xestión do Centro
- VII. Normas de Organización e Funcionamento
- VIII. Proxecto Lingüístico do Centro
- IX. Plan de Convivencia
- X. Plan de Atención á Diversidade
- XI. Proxecto lector do Centro
- XII. Plan de Acollida
- XIII. Plan de Acción Titorial
- XIV. Plano de Autoprotección
- XV. Protocolos de Actuación
- XVI. Protocolos de Servizos Complementarios
- XVII. Plan de Integración das TIC
- XVIII. Plan de Biblioteca
- XIX. Plan Permanente de Formación
- XX. Outros Documentos.